



**PROTOCOLO BASICO DE ACTUACIÓN
PARA APERTURA FASE 2
PISCINA MUNICIPAL COMPLEXO JAVIER GÓMEZ NOYA
INSTALACIONES DEPORTIVAS CUBERTAS**



Piscina Complexo Javier Gómez Noya

- Apertura de piscina para uso deportivo (Fase 2)
- Quen poderán acceder
- Aforo das instalacións
- Forma de Acceso
- Condicións de acceso ás instalacións:
- Normas e recomendacións por espazos en piscina
 - Uso de material
 - Uso de Rúas
 - Uso de praia da piscina

Instalacións deportivas cubertas.

- Instalacións obxecto de autorización de uso demanial por parte do Concello de Ferrol.
 - Fase de adestramento individual. (Fase 2)
 - ¿Quen poderán acceder?
 - Instalacións dispoñibles:
 - Aforo das instalacións
 - Forma de Acceso
 - Condicións de acceso ás instalacións:
 - Normas e recomendacións por espazos en piscina



Piscina Complexo Javier Gómez Noya

Apertura de piscina para uso deportivo (Fase 2)

Nesta fase, os deportistas e adestradores tan só deberán facer uso das instalacións para adestramentos de carácter individual (sen ningún contacto e gardando distancia de seguridade).

¿Quen poderán acceder?

Poderán acceder ás mesmas calquera persoa, tendo carácter preferente o acceso dos deportistas integrados, a través da correspondente licencia, na federación deportiva cuxas modalidades e especialidades deportivas se desenvolvan no medio acuático; natación, salvamento e socorrismo, triatlón, pentatlón moderno e actividades subacuáticas.

Únicamente poderá acceder coos deportistas un adestrador no caso de que resulte necesario, circunstancia que deberá acreditarse debidamente, con excepción das persoas con discapacidade ou menores que requiran a presenza dun acompañante.

Aforo das instalacións

Un deportista por rúa (7 nadadores)

Únicamente poderá acceder cos deportistas un adestrador no caso de que resulte necesario, circunstancia que deberá acreditarse debidamente no momento da solicitude de uso da piscina, con excepción das persoas con discapacidade ou menores que requiran a presenza dun acompañante.

Forma de Acceso

Previa cita.

Para deportistas pertencentes aos clubs ou asociacións deportivas que teñen horarios autorizados polo Concello de Ferrol.

Cada entidade poderá utilizar os horarios ou numero de rúas autorizadas na convocatoria vixente (Autorización de uso demanial para a utilización da instalación deportiva Javier Gómez Noya).

Co fin de atender as novas obrigas en materia hixiénico sanitarias que establece a normativa vixente, e en especial a necesidade de efectuar unha limpeza en profundidade ao final da xornada, será preciso que a actividade finalice as 21:45. Co fin de non mermar as horas de uso da lámina de auga por parte das entidade autorizadas, os horarios de actividade das mesmas darán comezo ás 15:00 horas en lugar de as 16:00 horas, adiantando así unha hora as franxas horarias autorizadas para cada entidade.

Previo ao inicio da actividade, cada entidade enviará á Concellería de Deportes (a través do seguinte mail deportes@ferrol.es con copia a blamadrid@ferrol.es) a proposta de horarios (fraxas de adestramento) e de usuarios (identificación dos mesmos) que accederá en cada quenda de adestramento. Respetaranse os límites de aforo establecidos no apartado anterior e deberá esperar a confirmación de uso da instalación por parte da concellería

Previo estudo da mesma, a concellería poderá propoñer axustes ou modificacións que axuden ao control de aforo durante a entrada e saída de usuarios e permanencia nos vestiarios ou á realización de tarefas de limpeza e desinfección da instalación.

Calquera cambio dentro desta planificación deberá ser comunicada cun mínimo de 24 horas á Concejalía de Deportes a través do seguinte mail deportes@ferrol.es con copia a blamadrid@ferrol.es

Non se permitirá, baixo ningún concepto, o acceso a usuarios que non foran correctamente notificados na medida anteriormente descrita.

Fóra dos horarios de adestramento non se poderá permanecer na instalación.

En caso de non asistir en máis de dúas ocasións á hora de adestramento reservada, perderase o dereito a efectuar máis reservas.

Condicións de acceso ás instalacións:

Obriga de cumprimento das medidas de hixiene e protección establecidas polas autoridades sanitarias contra o Covid-19, especialmente a distancia social e o uso de mascarilla e guantes, segundo as recomendacións das autoridades sanitarias.

Prohibición do acceso ás instalacións de calquera persoa que teña síntomas compatibles co Covid-19 ou estivera en contacto con persoas contaxiadas.

Obriga de cumprimento de todas as indicacións establecidas de acceso, mobilidade, permanencia e saída das instalacións.

Non se permitirá a presenza de persoas alleas (incluídos pais, amigos, etc.) durante a celebración dos adestramentos.

Tampouco se permitirá aos usuarios nin aos acompañantes permanecer nas zonas comúns das instalacións nin interiores nin exteriores (cristaleira, vestíbulo interior, ramplas ou vestíbulo exterior da instalación).

Deberanse cumprir estritamente as fraxas horarias autorizadas e seguir as indicacións do persoal da instalación.

Recoméndase o cambio de calzado antes de entrar na instalación. Intenta levar un calzado para o traslado e outro/s distinto/s para usar exclusivamente dentro da instalación.

Poderanse utilizar os vestiarios, respectando o disposto ao efecto nas medidas xerais de prevención e hixiene fronte ao COVID-19 indicadas polas autoridades sanitarias.

Normas e recomendacións por espazos en piscina

Uso de material

Os deportistas só poderán utilizar o seu propio material deportivo. Será de uso exclusivo por parte de cada ún.

O material non poderá deixarse na instalación.

O material deberá ser desinfectado antes e despois de cada sesión de adestramento (por exemplo mediante inmersión nunha solución desinfectante ou pulverizándoo coa mesma).

Uso de Rúas

Asignarase unha rúa a cada deportista en cada periodo de adestramento.

Uso de praia da piscina

Non se permitirá ningún tipo de actividade na praia da piscina nin nos graderíos.

LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Procederase á limpeza e desinfección diaria da instalación dacordo co establecido na normativa vixente.

Non obstante, naquelas superficies en contacto frecuente coas mans dos usuarios, como pomos das portas dos vestiarios, ou barandillas, deberase levar a cabo unha limpeza e desinfección, alo menos tres veces ao día.

Así mesmo, á finalización de cada quenda procederase á limpeza da praia da piscina e das zonas comúns.



Instalacións deportivas cubertas.

Instalacións obxecto de autorización de uso demanial por parte do Concello de Ferrol.

Fase de adestramento individual (Fase 2).

Nesta fase, os deportistas e adestradores tan só deberán facer uso das instalacións para adestramentos de carácter individual (sen ningún contacto e gardando distancia de seguridade).

¿Quen poderán acceder?

Poderá acceder ás mesmas calquera persoa que desexe realizar unha práctica deportiva, incluídos os deportistas de alto nivel, de alto rendemento, profesionais, federados, árbitros ou xuíces e persoal técnico federativo.

Aos efectos desta orde, considérase instalación deportiva cuberta toda aquela instalación deportiva, con independencia de que se atope ubicada nun recinto pechado ou aberto, que se atope completamente pechada e que teña teito e que permita a práctica dunha modalidade deportiva.

Instalacións dispoñibles:

Pista polideportiva do Complexo Javier Gómez Noya
Pista polideportiva do Pavillón do Ensanche
Pista polideportiva do Pavillón de Esteiro
Pista polideportiva do Pavillón da Casa do Deporte

Aforo das instalacións

Nas instalacións deportivas cubertas, poderase permitir a práctica deportiva individual ou aquelas prácticas que se podan desenvolver por un máximo de dúas persoas no caso de modalidades así practicadas, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección, e en todo caso a distancia social de seguridade de dous metros.

Forma de Acceso

Cada entidade poderá utilizar os horarios e pistas autorizadas na convocatoria vixente (autorizacións demaniais para a utilización das instalacións deportivas municipais e pistas escolares (anexo I) durante a tempada 2018-2019).

Previo ao inicio da actividade, cada entidade enviará á Concellería de Deportes (a través do seguinte mail deportes@ferrol.es con copia a blamadrid@ferrol.es) a proposta de horarios (fraxas de adestramento) e de usuarios (identificación dos mesmos) que accederá en cada quenda de adestramento. Respetaranse os límites de aforo establecidos no apartado anterior e deberá esperar a confirmación de uso da instalación por parte da concellería

Previo estudo da mesma, a concellería poderá propoñer axustes ou modificacións que axuden ao control de aforo durante a entrada e saída de usuarios e permanencia nos vestiarios ou á realización de tarefas de limpeza e desinfección da instalación.

Calquera cambio dentro desta planificación deberá ser comunicada cun mínimo de 24 horas á Concejalía de Deportes a través do seguinte mail deportes@ferrol.es con copia a blamadrid@ferrol.es

Non se permitirá, baixo ningún concepto, o acceso a usuarios que non foran correctamente notificados na medida anteriormente descrita.

Fóra dos horarios de adestramento non se poderá permanecer na instalación.

En caso de non asistir en máis de dúas ocasións á hora de adestramento reservada, perderase o dereito a efectuar máis reservas.

Condicións de acceso ás instalacións:

Obriga de cumprimento das medidas de hixiene e protección establecidas polas autoridades sanitarias contra o Covid-19, especialmente a distancia social e o uso de mascarilla e guantes, segundo as recomendacións das autoridades sanitarias.

Prohibición do acceso ás instalacións de calquera persoa que teña síntomas compatibles co Covid-19 ou estivera en contacto con persoas contaxiadas.

Obriga de cumprimento de todas as indicacións establecidas de acceso, mobilidade, permanencia e saída das instalacións.

Os usuarios terán que acceder á pista con mascarilla e guantes, que os poderán retirar no momento do inicio do adestramento.

O adestrador, no caso excepcional anteriormente citado, levará sempre mascarilla e guantes, gardando unha distancia de seguridade mínima de dous metros.

Non se permitirá a presenza de persoas alleas (incluídos pais, amigos, etc.) durante a celebración dos adestramentos.

Tampouco se permitirá aos usuarios permanecer nas zonas comúns das instalacións sen xustificación.

Deberanse cumprir estritamente as franxas horarias autorizadas e seguir as indicacións do persoal da instalación.

Recoméndase o cambio de calzado antes de entrar na instalación. Intenta levar un calzado para o traslado e outro/s distinto/s para usar exclusivamente dentro da instalación.

Os deportistas só poderán utilizar o seu propio material deportivo e serán os únicos que poderán usar este material e limitarase o uso do mesmo.

O material non se poderá deixar na instalación.

O material deberá ser desinfectado antes e despois de cada sesión de adestramento (por exemplo mediante inmersión nunha solución desinfectante ou pulverizándoo coa mesma).



RECOMENDACIONES PARA OS DEPORTISTAS

I. RECOMENDACIONES XERAIS:

Os atletas, adestradores e resto de persoal manterán as pautas estrictas de aseo persoal, conducta e coidado para evitar contaxios.

O deportista levará guantes e terá coidado de non tocar no posible obxectos ou equipamento de uso colectivo.

Recoméndase que todos os usuarios (deportistas, adestradores, persoal) realicen unha vixilancia activa dos seus síntomas e levar a cabo rexistro da temperatura corporal dúas veces ao día, mañán e noite. Ante calquera síntoma ou en caso de sospeita de estar infectado, ou ter estado en contacto con persoas infectadas ou baixo sospeita de estarlo, débese evitar calquera actividade, poñéndose en contacto de xeito inmediato cos servizos sanitarios e seguir todas as súas indicacións.

Recoméndase o uso de mascarillas, guantes, cintas ou panos para o cabelo, así como o uso de gafas, sempre que a actividade deportiva así o permita. Retíraos só cando sexa imposible levarlos para a realización da actividade deportiva.

Antes e despois dos adestramentos é moi importante lavarse as mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico. Recoméndase o uso das solucións hidroalcohólicas en botes de uso individual (tempo recomendado: 30-40 segundos), e insistirase no lavado de mans con auga e xabón (tempo recomendado: 40-60 segundos).

Levar xel hidroalcohólico, e produtos de desinfección para a limpeza e desinfección do material de adestramento que se utilizou.

Os deportistas responsabilizaranse individualmente de portar guantes, mascarilla, unha bolsa de desinfección que inclúa toalla, xel hidroalcohólico, guantes, etc.

Recoméndase que os adestradores programen os adestramentos cumprindo todas as normas de distancias, aforos e quendas de adestramento de maneira rigorosa.

Respecta en todo momento os horarios e espazos de adestramento asignados.

É moi recomendable ir e volver do adestramento coa mesma roupa de adestramento. Ao chegar a casa ou zona de residencia, recoméndase lavar toda a roupa utilizada (incluídas gorras, panos para el cabelo, etc.), a 60º como mínimo, evitando sacudila. Desinfecta o calzado utilizado.

Débese evitar que as mochilas, bolsas de zapatillas ou bolsas de deporte podan estar en contacto con superficies non desinfectadas, si se produxere este contacto, recoméndase lavalas na lavadora a un mínimo de 60º.

Os atletas non deben compartir material (incluíndo cronómetros, pulsómetros, artefactos, ou calquera outro tipo de material), no caso de ser así desinfectaranse previamente entre usuario e usuario.

Os atletas non compartirán bebidas, outros alimentos, linimentos ou outros produtos, incluídos os sanitarios ou de primeiros auxilios. Utilizarán botellas de uso individual.

Evita o uso do transporte público para trasladarte ao centro de adestramento, prioriza o uso do vehículo particular (coche, moto, bicicleta, etc.) sempre que sexa posible. Se utilizas o transporte público extrema as medidas de protección, hixiene, uso de mascarilla e distancia social e se deben cumprir estrictamente as normas e protocolos establecidos polas autoridades sanitarias.

Respecta e cumpre todas as medidas de seguridade indicadas polo Ministerio de Sanidade.

A data da sinatura dixital

O Concelleiro Delegado da Área de Cultura,
Educación, Universidade, Deportes e Festas